

**ALMUDENA
FERNÁNDEZ FARIÑA**



Almudena Fernández Fariña (Vigo, 1970) é artista plástica e profesora da Facultade de Belas Artes de Pontevedra. A súa obra persegue novas relacións entre a pintura, o espazo, o deseño e a palabra, quebrando os límites do soporte, a bidimensionalidade e expandíndose no espazo. Desde moi cedo conseguirá visibilidade pública a partir dunha Bolsa Novos Valores na Deputación de Pontevedra e da súa participación na referencial «30 anos no 2000. Artistas Galegos para un cambio de Milenio», que se celebrará no Auditorio de Galicia en 1994. Daquela presentaba unha serie de obras que, aínda partindo do concepto da pintura, destilábanse como un tipo de escrita aliciante, unha escrita que non ten nada que contar, capaz de afirmarse para despois contradicirse, como sumida nunha lóxica propia da escrita de Roland Barthes. O acto de escribir relacionábase así co acto de pintar, que posteriormente derivará no diálogo dos elementos escritos integrados no cadro. ¶ En 1995 desenvolve os primeiros traballos nos que propón a relación entre tecido e texto. O espazo pictórico é establecido nunha superficie sobre a que se superpuñan tecidos de formas orgánicas sobre textos e graffías que pintara inicialmente, case a modo de palimpsesto. En palabras de Alicia Fernández para o catálogo da súa individual na galería Sargadelos de Santiago de Compostela (1996): **«A linguaxe disolta en pintura, convertida nun acto de escribir que despraza todo o sentido da escrita. É o abandono da linguaxe como código regular de comunicación, é a recuperación da exteriorización corporal dun discurso que non busca a claridade nas mensaxes senón a presenza do corpo do que fala».** ¶ Anos máis tarde recibe a Bolsa Caixa Galicia e acode á École de Beaux-Arts de Le Mans en Francia. Son tempos de exposicións colectivas como a Mostra Unión Fenosa ou dos Premios da Fundación Bancaja o de Pintura L'Oreal. Tamén das súas primeiras participacións en feiras de arte como o Foro Atlántico de Arte Contemporánea. Son momentos nos que a imaxe se constrúe como se fosen un tecido, como quen traballa nun tear, co tecido como tema, forma e proceso. Así chegará a súa primeira exposición na galería SCQ, que acompañará a traxectoria da artista ata hoxe. No seu catálogo, Xosé Antón Castro advertía como Almudena Fernández **«soubo detectar o pulso dunha situación que ten tanto de experiencia vivida como de reflexión sobre os novos comportamentos da pintura, a fin de vertebrar o equilibrio desa dualidade que caracteriza hoxe o realmente interesante á hora de reactualizar calquera pasado que non perdeu necesariamente a súa aura no presente: o binomio do xesto e da razón ao que asistimos no frenesí visual dos seus cadros, sometidos á ampla textualidade do all-over, sedúcenos non só por unha remisión rigorosa á súa estrutura xeométrica, a súa complexidade barroca –o que en Marden é baleiro zenista de interminables camiños cara a unha posible identidade, é nela o frenesí do correlato que flúe fuxindo do baleiro– que delata a afirmación emotiva do eu que atravesa a vida, ao que se refería Lasker, que non exclúe un sentimento romántico nin a activación das lembranzas».**

¶ Almudena Fernández Fariña falaba de pintura pero tamén da escrita. Como sinalou Alberto Ruiz de Samaniego tamén no catálogo da súa individual

compostelá: *«Podemos entón ler (só que xa non é posible) estas escrituras de Almudena Fernández como unha signatura irónica que a propia pintura gusta de desenvolver consigo mesma, e quizais para si mesma e contra nós. Por riba do pintor, por riba tamén dos que atendemos. Tapando, borrando, esgazando o discurso prometido, enterrándoo ao cabo en pigmento, obrigan continuamente a repetir o compromiso, pero, á vez, tamén coa mesma insistencia pervérteno, comprométeno coa riscadura. É a lei da escrita que se pinta (no fondo a lei de toda inscrición)»*. ¶ Nestas obras, de grandes contrastes cromáticos, a escrita entrelazábase efectivamente nunha trama de liñas como fío capaz de se revelar e ocultar á vez. Son esas obras as protagonistas da súa terceira exposición individual na desaparecida galería VGO e tamén as que provocan as palabras de Juan de Nieves, desta vez no catálogo que a Fundación Caixa Galicia adicará á artista: *«O traballo de Almudena Fernández Fariña pode interpretarse ao cabo como unha nova vía na construción da pintura, e unha contribución tamén na redefinición dese caixón de xastre especialmente vinculado a ela que é a abstracción, termo posiblemente xa inservible para englobar aqueles que tentan desenvolver unha visión complexa e plural por riba do dominio da compracencia formal»*. ¶ No ano 2000 recibe o prestixioso Premio de Pintura L'Oreal e realiza a súa primeira exposición individual no Espacio de Caja Madrid en Pontevedra. A mostra tiña un carácter máis narrativo, máis explícito, remitindo directamente ao mundo que Lewis Carroll imaxinou na pel de Alicia cando atravesou o espello e a atopou ao outro lado. Todo é produto dunha atmosfera encantada propia dun conto de nenos, *«encadres, discursos e fusións pintadas para un xaque mate aos confíns dun mundo coloreado pola caprichosa verdade dun soño»*, como dirá David Barro no texto do catálogo. ¶ No ano 2001 expón individualmente por primeira vez en Portugal, na galería Arte Periférica, e é entón, e máis concretamente na súa exposición en SCQ en 2002, cando a escrita deixa de organizarse en palabras para anoarse e tecerse nunha sorte de maraña que remite directamente ao mundo da calceta. Como se da trama dun xersei se tratase, a súa pintura feminízase como nos discursos feministas. En palabras de Xosé Manuel Lens, *«o motivo principal desta nova serie é o tecido, a trama. Os trazos de Almudena son tramas de cordas, sogas ou talos, que se distribúen de forma harmónica sobre o branco da tea; unha novidade é que agora esta inquietante orde organiza os tubos desde o principio, antes era o xesto e o tempo pictórico os que ían configurando a obra, agora é o esquema e o proxecto de antemán»*. ¶ Ese mesmo ano prodúcese un importante salto na súa maneira de enfocar a pintura, e os seus traballos comezan a tomar unha dirección contaminada, híbrida, esvaendo os límites con outras disciplinas. Será na súa exposición «Texere», concibida para o mítico ciclo «Miradas virxes» do Centro Torrente Ballester, con comisariado de David Barro. El mesmo sinalaba como nesta intervención *«dá un paso máis e convidanos a ser Alicia, a traspasar ese límite de realidades, a habitar unha pintura que nos envolve, que nos abriga ou, mesmo, nos asfixia»*. O espectador podía penetrar e ocupar esta paisaxe tecida con pintura sobre

as paredes. É o discurso como envoltura e a envoltura como discurso. O referente cobra vida tridimensional e carácter monumental e a escala resultou máis aliciante ca nunca. A artista, interesada no feito de que os muros cubertos de azulexos e estucos arabescos coincidan na súa xénese cun principio de estampación téxtil (un módulo que se repite seguindo un esquema de movemento predeterminado) e cos deseños repetitivos de encaixes ou tapetes de gancho, buscou novas relacións dunha pintura capaz de cuestionar as convencións do soporte. Nesa mesma liña de actuación podemos enmarcar a súa exposición na galería VGO en 2004, titulada *Knoten*, que significa nó en alemán. Como en obras como *Arabesco*, incluída dentro da exposición «Texere», a arquitectura participa como soporte da pintura e os seus límites substitúen os límites do soporte convencional, nun claro exemplo do que se denominou pintura expandida. ¶ Máis tarde chegarán novos pasos como o *Mural Decó* e *Pavimento pintura*, instalacións site-specific para o espazo do Café Moderno de Pontevedra, sede da Fundación Caixa Galicia, onde ademais de despregar a pintura polo chan e a parede cuestionando os límites do soporte, aprópiase de detalles ornamentais ou motivos atopados no espazo expositivo para dialogar coa súa memoria e traballar o contexto onde se inscribe a pintura. Nestas obras, incluídas no ciclo «Latitudes», comisariado por Xosé Manuel Lens, este indica como se define **«esta dirección contaminada da pintura, entendida como un feito proxectado. A pintura relacionada cun lugar, cunha memoria, que existe nun contacto directo e se alimenta, case nun sentimento nómade, do inmediato»**. Nas páxinas do mesmo catálogo, a crítica Ángela Molina sinala que a obra de Almudena Fernández remite a unha maneira de pensar a pintura desde unha perspectiva cultural, advertindo como **«en todos os seus traballos, os debuxos de redes e tramas aparecen e desaparecen nun labirinto de versións e cores que relocen misteriosamente»**. ¶ En obras coma estas a pintura precisa da complicidade do espazo e obedecen ás súas pautas. O mesmo acontece en «Pintura habitat», exposición que proxecta para a madrileña galería Astarté. Nesta ocasión, os tecidos saen do muro para invadir obxectos, xerando distintos ambientes en cada unha das habitacións, coqueteando de novo coa memoria do espazo a partir de obxectos seleccionados, que remiten á súa condición pasada de habitación. Esta prolongación tridimensional da pintura convida a que esta poida ser habitada e vivida dun modo funcional que elimina barreiras da pintura en tanto que obxecto contemplativo. Unha alfombra, un diván, unha cadeira ou unha lámpada convértense en elementos para a confrontación coa historia da pintura abstracta. ¶ Nas súas intervencións actuais, entre as que se atopan as preparadas para «ABREVEVERBA», así como a súa sutil intervención para o panóptico que distribúe a salas do MARCO de Vigo, a pintura continúa apoiándose no ámbito mural da arquitectura, buscando a súa complicidade e a do espectador, para xogar co contexto onde vai ser proxectada. Nas súas propias palabras, **«é unha pintura que trata de redefinir a súa especificidade reivindicando a posibilidade de existir e reafirmarse no mesmo lugar onde**

conflúen outras disciplinas, unha pintura que explora e sobrepasa os límites desa condición potencialmente decorativa e ornamental á que tivo que enfrontarse a abstracción desde as súas orixes». É unha pintura expandida, de composicións baseadas en patróns que se repiten, en liñas imaxinarias que se expanden e proxectan polo espazo para enlearse no terreo doutras disciplinas coma o deseño, a decoración ou a proxección arquitectónica. Unha pintura híbrida capaz de intensificar o seu sentido e de desbordar os seus límites repetíndoos ou esvaéndoos ata o infinito. ¶